

ACTA DA XUNTA EXTRAORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 31 DE OUTUBRO DE 2018

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Fernández Fernández, Adolfo

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Comendador Rey, Beatriz

Juana López, Jesús de

Prada Rodríguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

PDI contratado

Domínguez López, Ángel

Estudantes

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

López Verísimo, Rubén

Rodríguez Álvarez, Lucía

Alumnado 3º ciclo

Souto Castro, Iria

PAS

Rodríguez Bouzas Josefa

Desculpan a súa ausencia:

PDI

Valín Fernández, Alberto

Na sala de profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o mércores 31 de outubro de 2018, ás 09.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

1.- Debate e aprobación, se procede, da proposta da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín á Facultade de Historia do encargo da asistencia técnica do *Premio Xesús Taboada Chivite*.

A decana pasa a dar lectura ao nome do membro da Xunta de Facultade que xustifica a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

1.- Debate e aprobación, se procede, da proposta da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín á Facultade de Historia do encargo da asistencia técnica do *Premio Xesús Taboada Chivite*

Comeza a sesión cun intercambio de opinións entre a decana Susana Reboreda, o profesor Jesús de Juana e a profesora Beatriz Vaquero en relación ao documento que hoxe se vai debater e que foi enviado coa convocatoria. Sinala Jesús de Juana que no punto 4 das conclusións se indica claramente que o “persoal docente e investigador (PDI) da UVigo

participante no encargo non poderá actuar nin como membro do xurado nin como asesor para a avaliación das candidaturas que se presenten”.

A decana aclara que a persoa que asina ten que ser un profesor ou unha profesora da facultade, que non poderá formar parte do xurado, explica que lle preguntou á técnica da OTRI se o grupo de investigación podería pertencer ao xurado ou non, o que lle dixo foi que quen non pode pertencer ao xurado é a persoa que asina pero o seu grupo de investigación sí que podería. Solicítalle ao profesor Julio Prada que tome a palabra para explicar o informe de “asistencia técnica do premio Xesús Taboada Chivite”. O citado profesor pasa a explicar que o procedemento está separado en tres fases claras, incluso se podería falar de catro fases diferenciadas.

As persoas que formen parte da primeira fase do proceso, o de xestión, non poderán formar parte do xurado. O que se propón é un contrato de asistencia técnica que ten dúas repercusións. A primeira, de acordo coa normativa universitaria, é que non pode ser a facultade quen o organice, se non os grupos de investigación. A segunda cuestión, é a concepción de contrato de asistencia para un premio ou subvención polo que o premio, se rexerá tamén pola Lei 38/2003 Xeral de Subvenciones dado que se trata dun “premio-subvención”. A efectos prácticos se salvagarda a posibilidade de que o alumnado da facultade poida participar na convocatoria.

O grupo de investigación, o departamento ou profesorado se encargará dunha serie de procedementos: seleccionar xurado, divulgar o premio, recibir as propostas e organizar o acto de entrega, esta comisión constituirá a primeira fase do proceso.

Nunha segunda fase, esa comisión nomeará ao xurado. Ningunha das persoas que interveñan na primeira fase poderán formar parte da segunda; de xeito que, se se decide que se organice polos grupos de investigación e dentro deses grupos se organizará por dúas persoas que son as que formarán a comisión, o resto de persoas integrantes do grupo, en principio, si poderían formar parte do xurado, na medida en que non interveñen na primeira fase.

Habería despois unha terceira fase na que ese xurado efectuará unha proposta ao órgano que convoca, neste caso *A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín*, que será quen finalmente emitirá a resolución de concesión do premio. Deste xeito, desde o seu punto de vista, quedan salvagardadas as cautelas que inicialmente se prevían. Co cal, no suposto de que se estea interesado en participar habería que tomar unha decisión, independentemente de que habería aspectos que se terían que pulir con posterioridade.

Aclara que se podería incluso considerar unha cuarta fase, dado que existe a posibilidade de que xurado reclame o concurso de asesores externos.

A decana pide agora a opinión do resto dos membros da xunta de facultade presentes.

Xulio Prada entende que as cautelas viñan fundamentalmente polo feito de que non se podían presentar ao premio os membros da comunidade universitaria da Facultade de Historia. Na medida en que xa non é a facultade a que o organiza, e dado que si podería presentarse o alumnado ao premio, porque xa non está organizado pola facultade como tal ente xurídico, non lle ve excesivos inconvenientes máis aló da carga de traballo que a organización supón. Aclara que o xurado será nomeado por unha comisión que xa será coñecedora das casuísticas e posibles incompatibilidades que se poidan presentar. De estar interesados en participar, entende que o encargo debería recaer nos grupos de investigación vinculados á facultade, considera pouco operativo que recaese sobre o departamento.

A decana está de acordo cos seus argumentos.

Intervén a profesora Beatriz Comendador, para indicar que hai que ver se isto interesa ou non interesa. Explica que ela a nivel individual non pode asumir esta carga de traballo porque ten outros compromisos adquiridos e ao final isto repercute na calidade docente, parécelle interesante pero, nestes momentos non o ve posible.

Julio Prada, considera que se isto ten vocación de continuidade tampouco todas as persoas que integran os grupos de investigación se teñen que implicar o primeiro ano.

A profesora Beatriz Comendador argumenta que o primeiro ano a ela parécelle o máis difícil, por ter que facer o camiño, despois o segundo seguramente será todo máis doado.

Xulio Prada indica que o primeiro que haberá que facer será revisar as bases da convocatoria que será o máis complexo dado que se parte de cero. A cuestión a dilucidar nestes momentos é se dentro dos grupos hai persoas concretas que poidan asumir este encargo.

A profesora Elena de Uña explica que ela non pode participar por tratarse dun campo que está moi lonxe das actividades que ela realiza, a maiores da carga de traballo de xestión que supón.

Xulio Prada considera que tampouco hai que velo como algo ligado á parcela de investigación de cada persoa ou grupo, o que se pide é un traballo diferente, un traballo de administración e de xestión. Haberá unha comisión

que establecerá as bases, traballará na divulgación do premio, e nomeará un xurado na que el, a título individual, considera interesante que estivese profesorado da facultade. A previsión é que se trate dun premio de carácter bianual.

A decana opina que lle parece interesante e máis pensando en clave de grupo porque ese diñeiro repercuritía dun xeito positivo.

Beatriz Comendador intervén para facer unha reflexión: ás veces é máis rendible o tempo que o diñeiro, nestes momentos o que máis diñeiro costa é o tempo, reconece que o diñeiro se oferta pola xestión pero que non é moito.

Beatriz Vaquero, opina que habería que ver cales grupos e quen deses grupos estarían interesados en acometer o proxecto.

Xulio Prada propón que os coordinadores de cada un dos grupos convoquen xuntanzas e que se fale do tema.

Elena de Uña, non está de acordo con volver a reunirse, considera que se hai persoas que desexen implicarse no proxecto, é unha decisión que pode xa saír desta reunión sen necesidade de volver a realizar outra.

A decana, expón que hoxe están presentes o Grupo de Arte e Cidade; o Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio; o Grupo de Historia Contemporánea ; e coa presenza da profesora Beatriz Vaquero, podería tamén considerarse a presenza do Grupo de Historia Medieval, Historia Moderna e Ciencias e Técnicas Historiográficas.

Intervén Beatriz Vaquero para aclarar que ela pertence a ese grupo unicamente por razóns estratéxicas, pero que non os representa e que non se pode considerar que estea actuado como tal. Explica que ela, a título persoal, non vai participar.

A profesora Yolanda Barriocanal , intervén para indicar que desde o seu punto de vista a xestión previa debería corresponderlle á mancomunidade.

Xulio Prada, propón que se considere a aprobación da proposta no suposto de que haxa grupos de investigación interesados.

A decana opina que as persoas que mostraron interese poden analízalo co se grupo e que tamén se pode comentar ao resto dos integrantes do Grupo de Historia Moderna que hoxe non están presentes.

Xulio Prada reitera que debe ser unha decisión de grupo e que os membros dos grupos deben falar e reflexionar, sen que haxa necesidade de volver convocar unha xunta de facultade.

Beatriz Vaquero indica que se hai un ou dous grupos que estean están dispostos a implicarse poderá xa tomarse unha decisión a favor. Elena de Uña opina tamén que, se hai persoas que queiran iniciar o proceso a decisión xa pode saír da xunta de facultade do día de hoxe.

A decana conclúe que queda claro que hai persoas interesadas en asumir o encargo e que poden reunirse para decidir dentro do grupo ao que pertencen. Haberá tamén que falar co Grupo de Historia Moderna para saber a súa opinión sobre o tema dado que hoxe non estiveron presentes. Aclara tamén que haberá que materializar se o encargo se asume por un ou dous grupos de investigación ou ben por persoas individuais.

Yolanda Barriocanal indica que tería que coñecer a convocatoria e insiste en que a intervención debería consistir en actuar como xurado pero non realizar a xestión do premio.

Apróbase por asentimento que se asume o “*encargo de asistencia técnica do premio Xesús Taboada Chivite*”.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09.55 h do día 31 de outubro de 2018, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba